

DIALECTOLOXÍA E XEOGRAFÍA HUMANA

*Kristal Veiga Novoa, María Vilasó Martínez e
Manuel González González (coordinador)*

Instituto da Lingua Galega (USC)

Desde antigo fixéronse estudos para a clasificación e delimitación das linguas e dialectos, pero foi máis ou menos a mediados do século pasado cando se produciu unha verdadeira eclosión da clasificación de agrupacións menores aos dialectos: subdialectos, áreas, subáreas, etc. No desenvolvemento deste tipo de clasificacións detalladas tiveron unha importancia fundamental dúas iniciativas levadas a cabo dentro da dialectoloxía francesa, que moi pronto sería imitada polas outras linguas románicas: (a) por un lado, a análise detallada dos datos do *ALF* de Gilliéron; (b) por outro lado, a posta en marcha dos Atlas rexionais de Francia, que ofreceron datos moito máis exhaustivos da realidade dialectal de cada rexión.

Isto tivo un efecto mimético noutras zonas da Romania, e de maneira moi especial en Italia e na Península Ibérica. Desta corrente derivan, por exemplo, os traballos de Badía Margarit de clasificación dos dialectos cataláns, ou os de Paiva Boleo e Cintra para o portugués.

Paralelamente a esta *obsesión clasificatoria* tratouse de afondar no por que desas realidades, con preguntas como: en que medida os dialectos actuais continúan os dialectos da Idade Media?, que paralelismo existe entre as actuais divisións dialectais e as antigas divisións históricas?, cales son os centros de irradiación lingüística?, en que medida as vías de comunicación e os obstáculos naturais condicionan a formación dos dialectos?, etc. Progresivamente, no marco das relacións entre a xeografía e a dialectoloxía, o centro de interese foise desprazando cada vez máis desde o ámbito da xeografía física cara ao da xeografía humana.

Con isto non queremos infravalorar a importancia da xeografía física na lingua. Hai feitos que son evidentes:

a) As persoas relaciónanse entre si, pero un referente fundamental nesta comunicación é o medio físico co que están en contacto e que, en moitos casos, condiciona o seu xeito de vivir: se todos os días, ao abrir a ventá do cuarto onde durmimos vemos en fronte unha montaña, necesitaremos denominar esta realidade así coma os seus elementos máis importantes; se estamos rodeados dun determinado tipo de vexetación, cumprirannos palabras para sinalalo; se convivimos co canto de certos paxaros, sentiremos o desexo de identificalos, etc.

b) Por outra banda, é evidente que en moitos casos certos obstáculos naturais que dificultan a comunicación (certas montañas, ríos infranqueables...) explican a presenza de fronteiras lingüísticas.

Pero isto non ocorre sempre, moitas veces os fenómenos lingüísticos franquean de maneira inverosímil as barreiras físicas, porque, como concluía a súa intervención Charles Camproux nun famoso coloquio de Estrasburgo no ano 1971, o que constitúe o verdadeiro obstáculo lingüístico non é a ruptura das unidades xeolóxicas ou topográficas, senón a ruptura da unidade económica e outros fenómenos da xeografía humana. E de xeografía humana, e particularmente de xeografía económica, imos falar hoxe. Despois dunha introdución xeral, centrarémonos na análise de dous casos concretos: a influencia das migracións catalás na lingua galega, e o papel dos cistercienses como difusores de terminoloxía relacionada coa cultura do viño, procedente da Galia.

1. DIALECTOLOXÍA E XEOGRAFÍA HUMANA

1.1. Dialectoloxía e variación lingüística

A dialectoloxía asume o estudo sistemático da variación xeográfica dunha lingua. O dialectólogo pode achegarse a este estudo dende dúas perspectivas: ben rastrexando o emprazamento espacial da variación dun trazo calquera da lingua, ben acoutando as peculiaridades lingüísticas dun territorio para a delimitación dunha ou varias zonas dialectais.

Os estudos sobre a variación lingüística xorden a finais do séc. XVIII e principios do séc. XIX con análises comparativas de vontade historicista. O seu obxectivo inicial era establecer regras fonético-fonolóxicas do cambio ou evolución lingüísticos. O cambio estaría suxeito a regras internas continxentes e desta epistemoloxía da lingua derivaba unha metodoloxía de rigor positivista que buscaba fornecerse de datos dos informantes *pouco contaminados* que desen mellor conta do vernáculo; pensábase en persoas de idade avanzada, de escasa formación académica e de pouco ou nulo contacto co exterior. Considerábase que o principal factor de delimitación dialectal era os obstáculos físicos dado que o mar, as montañas, os ríos caudalosos ou os pantanos supuñan unha dificultade para a comunicación das comunidades a ambas beiras. Mentres que os factores que permitían a aproximación entre dialectos eran o sistema escolar, os medios de comunicación e calquera outro que propiciase o coñecemento dunha variedade supradialectal.

Porén, este empeño en busca do vernáculo deu como resultado moitos traballos froito da idealización dunha realidade lingüística que de feito era moito máis diversa. Aspirábase a facer un estudo das realizacións dialectolóxicas nun corte sincrónico —é dicir, nunha franxa de idade determinada— que ocultaba a influencia do eixo temporal na variación lingüística xeográfica e pasando por alto que os feitos lingüísticos non mudan en bloques temporais abruptos.

Aínda que a evolución da teoría lingüística a penas tivo repercusión no paradigma do labor dialectolóxico, non ocorreu o mesmo con outra disciplina irmá daquela, unha que se centra na relación da lingua co feito social: a sociolingüística. Axiña os dialectólogos se decataron do poder heurístico do modelo analítico da sociolingüística e así nace o estudo da variación dialectal de base social botando man do método da sociolingüística cuantitativa. Este consiste basicamente no estudo comparativo de variables lingüísticas, que antes se consideraban de libre variación, con variables sociais (clase social, idade, xénero, nivel cultural...) en busca de correlacións. Máis aínda, despois deste paso adiante tamén se percatan de que os eixos xeográfico e social son atravesados por outros como o cronolóxico e contextual que, polo tanto, tamén deben entrar nos factores a ter en conta nun estudo de variación lingüística. Disto resulta unha ollada máis ampla que tras-

pasa aquela lingua fosilizada dun único estadio sincrónico (de feito inexistente), aquel falante plano non social e aquel acto de fala non contextualizado.

Deste método de análise dedúcese unha cambio na concepción do obxecto de estudo substancialmente diferente da lingua vernácula ancorada. Agora a variación nestes catro eixos considérase parte da definición mesma da lingua e crese que a lingua de uso real –a lingua funcional– actualiza, en cada acto de fala, unha variante das posibles tendo en conta as condicións produción respecto do tempo, espazo, sociedade e rexistro. A dialectoloxía integra na súa análise un abano de factores de variación máis amplo cós puramente xeográficos, dado que estes non actúan sós.

1.2. O factor humano na variación diatópica.

Dado o xiro da dialectoloxía é obvia a necesidade de interdisciplinabilidade para atender os posibles factores que interveñen na distribución xeográfica da lingua. E unha disciplina que pode dar resposta a esta necesidade completar o estudo dialectolóxico é a xeografía humana.

A xeografía humana é unha disciplina en moitos aspectos correlativa á dialectoloxía só que no campo de estudo da conduta humana. O seu principal obxecto de estudo é a actividade do ser humano sobre a face da terra vinculándoa a condicións sociais, económicas e políticas. Así pois, analiza a distribución xeográfica da humanidade atendendo a determinados trazos, os mesmos que agora se teñen en conta no estudo da variación lingüística diatópica.

A xeografía humana pretende dar resposta a dúas cuestións que vertebran o seu labor: (i) como vive o home? –para o que observa a distribución poboacional, a cultura, a política etc.– e (ii) como constrúe a súa vida o home? –do que se segue unha análise da súa actividade económica (agrícola, pesqueira, industrial...), os seus medios de transporte etc.

As respostas a estas preguntas son estudadas observando tanto a interacción dunhas con outras como co medio físico, dado que o home, aínda que ten capacidade e posibilidade de escolla no seu quefacer, ve constrinxido o seu abano de opcións polo medio no que vive, nunha sorte de conxugación de determinismo e libre albedrío.

Non é difícil adiviñar, xa que logo, que a xeografía humana é un crisol de grande envergadura onde se funden áreas de coñecemento físicas, que atenden ao medio xeográfico, e outras humanísticas como a historia, arquitectura, demografía, antropoloxía, economía, contabilidade, socioloxía, dereito, política e mesmo lingüística, dende que “la lengua ha esdevingut el principal signe de la identificació cultural” (Carreras e Verdaguer 1998: 225).

Para dar resposta á antedita parella de interrogantes a xeografía humana analiza tres grandes aspectos: a demografía, a actividade económica e os asentamentos, sempre tendo en conta factores de moi diversa índole. A dialectoloxía pode atopar nesta perspectiva interdisciplinar as claves para a correcta interpretación de certos fenómenos da variación lingüística xeográfica que doutro xeito resultaría miope.

Dos distintos factores aos que atende a xeografía humana interéñanos aqueles que teñen unha maior relevancia para a lingua. Unha exposición exhaustiva e sistemática das posibles confluencias entre estas dúas grandes disciplinas resultaría nunha extensión que non se contempla neste capítulo dado que a casuística das posibilidades é demasiado elevada e imprevisible. Con todo, cremos que con algúns exemplos significativos abundará para evidenciar o alcance das repercusións no estudo dialectolóxico¹ de camiñar parello ao da xeografía humana.

1.2.1. Demografía

1. A *densidade e distribución da poboación* son un reflexo das vantaxes que ofrece o medio ambiente para os asentamentos, por exemplo, condicións físicas como a accesibilidade, a fertilidade do solo, o clima, a vexetación e a vida animal, a reserva de auga e os recursos minerais e

¹ Centramos a nosa ollada na dialectoloxía pero, por suposto, tamén son outras as disciplinas lingüísticas as que ven incrementada a calidade do seu estudo coa apertura tanto cara á xeografía humana como cara a outras moitas ciencias que se achegan ao estudo do home: pénsese na mesma sociolingüística e socioloxía da linguaxe, antropoloxía lingüística ou etnolingüística por nomear algunhas. Máis aínda a mesma teoría lingüística experimentou un pronunciado xiro na concepción mesma da linguaxe humana a partir do momento en que estes estudos deixaron de ser vistos como meras aplicacións ou desvíos do seu obxectivo.

enerxéticos; a medida que a poboación mundial medra e é máis poderosa tecnoloxicamente tamén deben terse en consideración factores humanos como a economía, as forzas políticas, a cultura, a tradición e o sistema de crenzas.

Se todos estes factores determinan, por exemplo, unha densidade de poboación baixa cunha distribución diseminada a repercusión para a lingua sería a ralentización no avance xeográfico dun cambio lingüístico ou o mantemento de dialectos máis illados dado que o territorio non contaría cunha masa de falantes que formen un contínuum comunicativo. É dicir, os baleiros de poboación retardan o avance das isoglosas.

2. A xeografía humana analiza non só a cantidade da poboación senón tamén a súa *composición* atendendo a certas categorías establecidas segundo padróns humanos, económicos e sociopolíticos.

a) Entre os *padróns demográficos* cóntanse sexo, idade, raza, tipo sanguíneo, estatura e incluso capacidades mentais. A configuración da demografía exerce a súa influencia sobre outros aspectos da comunidade como a actividade económica. Como queda dito, a xeografía humana observa a interacción de todos os aspectos que estuda.

Nalgúns estudos sobre a realidade lingüística da sociedade galega, considerada basicamente tradicional, observouse que as cidadáns de xénero feminino tenden a usar variantes lingüísticas prestixiosas. Conclúese que copian comportamentos de clases cun estatus socioeconómico elevado para elas mesmas promocionarse nestes estamentos. Se nun territorio houberse unha maior densidade de mulleres –pénsese nunha zona nos que emigren un grande número de varóns– predominarían as súas formas lingüísticas.

Por outra banda, se tivesemos unha poboación cun padrón demográfico recesivo suporía un estancamento en formas lingüísticas conservadoras.

b) Os *padróns económicos* agrupan a xente por ocupación, emprego, benestar, progreso, horas de traballo etc.

Na historia de Galicia a chegada da nobreza foránea, de estatus economicamente elevado e portadores da súa lingua, foi un factor importante de influencia desta lingua allea sobre o galego. Non só é importante polo desaxuste sociolingüístico que supuxo no seu momento e nos territorios de asentamento, senón tamén pola determinación dunha tendencia de imitación de comportamentos lingüísticos esta cas-

te por parte da poboación de menos poder, con todas as consecuencias da adopción dunha lingua foránea como marca de prestixio.

c) Dentro dos *padróns sociopolíticos* cómpre ter en conta lingua, nacionalidade, relixión, clase social, matrimonio, filiacións políticas ou mesmo deportivas.

A lingua (dialectos e acentos) é unha característica inherente á cultura humana, e normalmente vai vinculada a un territorio, raza e historia pero, pola migración humana, mestura e cambio natural, aléxase este vencello constantemente.

As relixións é un importante na configuración da poboación dende que exercen todo tipo de restricións sobre a actividade humana: dietas, cultivos, comercios, matrimonios, vida familiar e mesmo prosperidade económica. Canto máis profundas son as convicións relixiosas, máis extremo é o seu impacto sobre o mundo. As relixións en xeral están *adscribas* a territorios xeográficos (o cristianismo en Europa e América; o islam en Arabia, norte de África e oeste de Asia; o budismo en Asia central...). Pero a distribución das relixións hoxe en día mudou por diversas forzas físicas, culturais, sociais e políticas e poden unier persoas de diferentes orixes. Temos o caso claro da expansión do cristianismo na Idade Media na Península Ibérica asociado politicamente á loita pola recuperación territorial e da creación da figura do Apóstolo Santiago que uniu os reinos ibéricos coas xentes do resto da Europa cristiá.

Na sociedade galega actual, como queda dito, tradicional e predominantemente católica os homes da relixión gozaron sempre dun estatus social alto que provoca tamén a imitación dos seus usos lingüísticos. A relixión tamén no pasado marcou a nosa historia lingüística co fenómeno que supuxo o camiño de Santiago que reconfigurou os comportamentos sociais e, por ende, lingüísticos. A descuberta do sepulcro do

Apóstolo Santiago e a institución dos Camiños de Santiago atraeu moitos peregrinos aos que lles debemos moitos préstamos, xente foránea –e as súas linguas– que se asentou no noso territorio para facer comercio, como é o caso de franceses ou francos. Un dos casos tratados neste artigo (vid. *infra* páx...) é o da construción de mosteiros ou ocupación dos xa existentes por monxes galos beneditinos ou cistercienses que tiveron contacto directo coa poboación dos territorios onde se asentaron, e deixaron a súa pegada cultural e lingüística.

3. O *crecemento da poboación* depende do balance entre as taxas de nacemento e mortalidade e, parcialmente, da migración. Hai moitos tipos de *migración* dependendo dos motivos, distancia e duración. Hai migracións involuntarias como as que sofren expulsados dos seus territorios (como os xudeus, hugonotes, refuxiados de guerra), repatriados ou practicamente raptados (como os pobos africanos levados como escravos ao Novo Mundo). As migracións voluntarias débense á escolla (máis ou menos forzosa) doutro sitio preferente, e dende logo só por un motivo de peso alguén se afasta do seu fogar orixinario. Unha forza de empuxe impele o cidadán a abandonar o seu lugar de residencia e outra forza de arrastre atraeo cara a unha nova localidade como destino. Estas forzas son realmente as vantaxes ou desvantaxes do territorios (vid. supra Densidade e distribución da poboación).

Dependendo da distancia a migración pode ser interna ou internacional. No primeiro caso trátase de distancias curtas, de estadías diarias, e normalmente débese a unha mala distribución de aloxamento e oportunidade de traballo. Por exemplo, a xente nova tenda a moverse para buscar traballo, a de mediana idade para buscar mellor aloxamento e a da terceira idade marcha a lugares máis apracibles. No segundo caso, unha migración internacional implica unha maior distancia, de estadía máis ou menos permanente e un cambio ostensible de medio físico e social. Esta migración pode conlevar unha adaptación máis lenta e dedúcese que os motivos polo tanto deben ser máis contundentes e normalmente teñen que ver con cuestións de supervivencia ou mellora cualitativa da vida.

As consecuencias da migración –internacional sobre todo– son difíciles de determinar. En termos xerais debe terse en conta que a xente arrastra consigo a súa lingua, cultura e forma de vida, que supoñen un intercambio máis alá do especificamente económico. Dependendo da importancia do fluxo migratorio pode darse unha adaptación en diferente grao do inmigrante á nova sociedade (chegando incluso á asimilación en caso de ser numericamente de escasa representación) ou ben un enriquecemento da sociedade receptora pola bagaxe do novo membro. Ambos os dous casos históricos tratados neste artigo son exemplos de grupos inmigrantes de diferentes feitíos e intereses no territorio galego de acollida de xeito que tiveron unha influencia lingüística tamén diferente na nosa lingua.

1.2.2. Actividade económica

1. A poboación vese condicionada polos tipos de *agricultura* que practica, polo que cultiva, pola repartición espacial destes tipos, polos métodos de cultivo e tecnoloxía, pola propiedade da terra, etc. Moitos factores determinan a actividade agrícola: condicións físicas do territorio, cultura, demanda, transporte, capital, política etc.

Ás diferentes realidades que os labradores viven danlle nomes moitas veces adscritos territorialmente porque, por exemplo, a orografía mesma distribúe estas prácticas no territorio.

2. Os *recursos naturais* axudan á xente a conseguir o seu potencial económico. Son a auga, localización, clima, elementos xeolóxicos, madeira, pesca... Moitos deles teñen valor no seu estado natural e outros necesitan dun procesamento.

Na realidade dialectal pode ter importancia o sistema técnico de explotación destes recursos. Por exemplo, a pesca tradicional de Galicia é a de baixura. Este tipo de pesca tende a realizarse a baixa escala e en grupos de traballo reducidos, o que favorece unha fragmentación dialectal alta por non haber unha rede de explotación e comercialización común a todas elas que propicie a comuñón das denominacións dos peixes e artes.

O atractivo dunha zona respecto dos seus recursos naturais pode supor a localización dunha industria de explotación próxima a ela. Galicia conta cunha pesca riquísima e man de obra relativamente barata que favoreceu o asentamento de empresarios cataláns que extraían o peixe das nosas costas e procesábano para poder transportalo á zona demandante que era a costa oriental da Península Ibérica. A afectación da realidade dialectal das nosas costas debido a este movemento migratorio é tratado na seguinte sección con maior profundidade. E tal migración ten as súas consecuencias lingüísticas (vid. supra).

A dialectoloxía asume o estudo sistemático da variación xeográfica dunha lingua. O dialectólogo pode achegarse a este estudo dende dúas perspectivas: ben rastrexando o emprazamento espacial da variación dun trazo calquera da lingua, ben acoutando as peculiaridades lingüísticas dun territorio para a delimitación dunha ou varias zonas dialectais.

Os estudos sobre a variación lingüística xorden a finais do séc. XVIII e principios do séc. XIX con análises comparativas de vontade

historicista. O seu obxectivo inicial era establecer regras fonético-fonolóxicas do cambio ou evolución lingüísticos. O cambio estaría suxeito a regras internas continxentes e desta epistemoloxía da lingua derivaba unha metodoloxía de rigor positivista que buscaba fornecerse de datos dos informantes pouco contaminados que desen mellor conta do vernáculo; pensábase en persoas de idade avanzada, de escasa formación académica e de pouco ou nulo contacto co exterior. Considerábase que o principal factor de delimitación dialectal era os obstáculos físicos dado que o mar, as montañas, os ríos caudalosos ou os pantanos supuñan unha dificultade para a comunicación das comunidades a ambas beiras. Mentres que os factores que permitían a aproximación entre dialectos eran o sistema escolar, os medios de comunicación e calquera outro que propiciase o coñecemento dunha variedade supradialectal.

Porén, este empeño en busca do vernáculo deu como resultado moitos traballos froito da idealización dunha realidade lingüística que de feito era moito máis diversa. Aspirábase a facer un estudo das realizacións dialectolóxicas nun corte sincrónico —é dicir, nunha franxa de idade determinada— que ocultaba a influencia do eixo temporal na variación lingüística xeográfica e pasando por alto que os feitos lingüísticos non mudan en bloques temporais abruptos.

Aínda que a evolución da teoría lingüística a penas tivo repercusión no paradigma do labor dialectolóxico, non ocorreu o mesmo con outra disciplina irmá daquela, unha que se centra na relación da lingua co feito social: a sociolingüística. Axiña os dialectólogos se decataron do poder heurístico do modelo analítico da sociolingüística e así nace o estudo da variación dialectal de base social botando man do método da sociolingüística cuantitativa. Este consiste basicamente no estudo comparativo de variables lingüísticas, que antes se consideraban de libre variación, con variables sociais (clase social, idade, xénero, nivel cultural...) en busca de correlacións. Máis aínda, despois deste paso adiante tamén se percatan de que os eixos xeográfico e social son atravesados por outros como o cronolóxico e contextual que, polo tanto, tamén deben entrar nos factores a ter en conta nun estudo de variación lingüística. Disto resulta unha ollada máis ampla que traspasa aquela lingua fosilizada dun único estadio sincrónico (de feito inexistente), aquel falante plano non social e aquel acto de fala non contextualizado.

Deste método de análise dedúcese unha cambio na concepción do obxecto de estudo substancialmente diferente da lingua vernácula ancorada. Agora a variación nestes catro eixos considérase parte da definición mesma da lingua e crese que a lingua de uso real –a lingua funcional– actualiza, en cada acto de fala, unha variante das posibles tendo en conta as condicións produción respecto do tempo, espazo, sociedade e rexistro. A dialectoloxía integra na súa análise un abano de factores de variación máis amplo cós puramente xeográficos, dado que estes non actúan sós.

1.2. O factor humano na variación diatópica

Dado o xiro da dialectoloxía é obvia a necesidade de interdisciplinaria para atender os posibles factores que interveñen na distribución xeográfica da lingua. É unha disciplina que podería dar resposta a esta necesidade de completar o estudo dialectolóxico é a xeografía humana.

A xeografía humana é unha disciplina en moitos aspectos correlativa á dialectoloxía só que no campo de estudo da conduta humana. O seu principal obxecto de estudo é a actividade humana sobre a face da terra vinculándoa a condicións sociais, económicas e políticas reais. Así pois, a xeografía humana analiza a distribución, precisamente na xeografía, dos trazos sociais, que necesariamente debe ter en conta a dialectoloxía.

Esta disciplina pretende dar resposta a dúas cuestións: (a) ¿como vive o home? Distribución poboacional, cultural, política, de asentamentos...; (b) ¿como constrúe a súa vida o home? Actividade económica –agricultura e industria–, medios de transporte...

Estes aspectos que xeban as respostas non son estudados illados uns dos outros nin respecto do medio físico, dado que o home, aínda que ten capacidade e posibilidade de escolla, ve constrinxido o seu abano de opcións polo medio no que vive nunha sorte de conxugación de determinismo e libre albedrío.

Non é difícil adiviñar, xa que logo, que a xeografía humana é tamén un crisol de grande envergadura onde se funden áreas de coñecemento físicas, que atenden ao medio xeográfico, e outras humanísticas –como a historia, arquitectura, demografía, antropoloxía, economía, contabi-

lidade, socioloxía, dereito, política e lingüística— dende que «la lengua ha esdevingut el principal signe de la identificació cultural» (Carreras e Verdager 1998: 225). Se ben a dialectoloxía pode botar man do coñecemento achegado pola xeografía humana, esta mesma tamén é permeable a aquela, feito que confirma outra volta a relación das disciplinas.

Para dar resposta á antedita parella de interrogantes a xeografía humana analiza tres grandes aspectos: a demografía, a actividade económica e os asentamentos, sempre tendo en conta factores de moi diversa índole que poidan influír na caracterización daqueles e a súa mesma interrelación. A dialectoloxía pode atopar na análise feita pola xeografía humana claves para a correcta interpretación de certos fenómenos da variación lingüística difíciles de explicar dende unha perspectiva non interdisciplinaria.

Dos distintos aspectos aos que atende a xeografía humana interéñanos aqueles factores que teñen unha maior relevancia para o estudo dialectolóxico².

1.1.1. Demografía

1. A densidade e distribución da poboación son un reflexo das vantaxes que ofrece o medio ambiente para os asentamentos, por exemplo, factores físicos como a accesibilidade, a fertilidade do solo, o clima, a vexetación natural e a vida animal, a reserva de auga e os recursos minerais e enerxéticos; pero a medida que a poboación mundial medra e é máis poderosa tecnoloxicamente tamén deben de terse en consideración factores non físicos como a preferencia económica, as forzas políticas, a cultura, a tradición e as crenzas sociais e relixiosas.

En canto á repercusión sobre a lingua, un territorio cunha densidade poboacional baixa e unha distribución diseminada non conta cunha masa de falantes que formen un contínuum de comunicación

² A exposición é por necesidade reducida, porque unha explicación sistemática de todos os posibles factores de influencia social sobre a variación dialectal suporía unha extensión que non se contempla neste capítulo dado que a casuística das posibilidades é demasiado elevada e imprevisible para cada lingua e comunidade de fala concreta.

que favoreza a rapidez e amplitude da extensión dun cambio lingüístico. É dicir, os baleiros de poboación retardan o avance das isoglosas.

2. Na composición da poboación analízanse certas categorías establecidas atendendo a criterios baseados en padróns demográficos, económicos e sociopolíticos.

a) Entre os padróns demográficos cóntanse o sexo, idade, raza, tipo sanguíneo, estatura e incluso capacidades mentais. A configuración da demografía segundo estes padróns ten un influencia directa noutros aspectos da comunidade como a actividade económica.

Na realidade lingüística de Galicia, que é unha sociedade basicamente tradicional, os cidadáns de xénero feminino tenden a usar variantes lingüísticas prestixiosas, é dicir, copian comportamentos de clases cun estatus socioeconómico elevado; polo tanto, se nun territorio houberse unha maior densidade de mulleres predominarían as súas formas. Igualmente un padrón demográfico recesivo suporía un maior espallamento de formas lingüísticas conservadoras.

b) Como padróns económicos, os que agrupan a xente por ocupación, emprego, benestar, progreso, horas de traballo...

Por exemplo, na historia de Galicia a chegada da nobreza foránea, de estatus economicamente elevado, foi un factor importante de influencia dunha lingua allea sobre o galego. Non só é importante polo desaxuste sociolingüístico que supuxo no seu momento e nos seus territorios de asentamento, senón tamén pola determinación dunha tendencia de imitación dos comportamentos lingüísticos desta caste por parte da poboación de menos poder, con todas as consecuencias da adopción dunha lingua foránea como marca de prestixio.

c) Como padróns sociopolíticos cómpre ter en conta lingua, nacionalidade, relixión, clase social, matrimonio, filiacións políticas ou mesmo deportivas.

A lingua (dialectos e acentos) é unha característica inherente á cultura humana, e normalmente vai vinculada a un territorio, raza e historia, pero pola migración humana, mestura e cambio natural alérase esta vinculación constantemente.

As relixións son importantes dende o punto de vista demográfico dende que exercen todo tipo de restricións sobre a actividade humana: dietas, cultivos, comercios, matrimonios, vida familiar e mesmo prosperidade económica. Canto máis profundas son as convicións re-

lixiosas, máis extremo é o seu impacto sobre o mundo. As relixións en xeral están *adscribas* a territorios xeográficos (o cristianismo en Europa e América; o islam en Arabia, norte de África e oeste de Asia; o budismo en Asia central...). Pero a distribución das relixións hoxe en día mudou por diversas forzas físicas, culturais, sociais e políticas e poden unir persoas de diferentes orixes. Temos o caso claro da expansión do cristianismo na Idade Media na Península Ibérica asociado politicamente á loita pola recuperación territorial e da creación da figura do Apóstolo Santiago que uniu os reinos ibéricos coas xentes do resto da Europa cristiá.

Na sociedade galega actual máis tradicional e predominantemente católica os homes da relixión gozaron dende sempre dun estatus social alto que provoca tamén a imitación dos seus usos lingüísticos. A relixión tamén no pasado marcou a nosa historia lingüística co fenómeno que supuxo o camiño de Santiago que reconfigurou os comportamentos sociais e por ende lingüísticos. A descuberta do sepulcro do Apóstolo Santiago e a institución dos Camiños de Santiago atraeu moitos peregrinos aos que lles debemos moitos préstamos, xente foránea –e as súas linguas– que se asentou no noso territorio para facer comercio, como é o caso de franceses ou francos; ou, por exemplo, un dos fenómenos que se trata neste artigo, que é a construción ou ocupación de mosteiros por monxes galos beneditinos ou cistercienses que tiveron un gran contacto coa poboación dos territorios onde se asentaron, e deixaron a súa pegada cultural e lingüística. Este último caso tamén se podería tomar como exemplo da repercusión lingüística que ten un tipo de movemento migratorio (vid. *infra* Movemento da poboación).

3. O crecemento da poboación depende do balance entre as taxas de nacemento e mortalidade e parcialmente da migración.

4. Hai moitos tipos de migracións dependendo dos motivos, distancia e duración. Hai migracións involuntarias como as que sofren pobos expulsados (xudeus, hugonotes, refuxiados de guerra), repatriados ou practicamente raptados (os escravos africanos ao Novo Mundo). As migracións voluntarias débense á escolla (máis ou menos forzosa) doutro sitio preferente, e dende logo só por un motivo de peso alguén se afasta do seu fogar orixinario. Dáse unha forza de empuxe que impele o cidadán a abandonar o seu lugar de residencia e outra forza de arras-

tre que o atrae cara a unha nova localidade como destino. Estas forzas son realmente as vantaxes ou desvantaxes do territorio (vid. supra Densidade e distribución da poboación)

Dependendo da distancia a migración pode ser interna ou internacional. No primeiro caso trátase de distancias curtas, de estadías diarias, e normalmente débese a unha mala distribución de aloxamento e oportunidade de traballo. Por exemplo, a xente nova tende a moverse para buscar traballo, a de mediana idade para buscar mellor aloxamento e a da terceira idade marcha a lugares máis apracibles. No segundo caso, unha migración internacional implica unha maior distancia, de estadía máis ou menos permanente e un cambio ostensible de medio físico e social; que pode levar unha adaptación máis lenta. Dedúcese que os motivos polo tanto deben ser máis contundentes e normalmente teñen que ver con cuestións de supervivencia ou mellora cualitativa da vida.

As consecuencias da migración –internacional sobre todo– son difíciles de determinar. En termos xerais debe terse en conta que a xente arrastra consigo a súa lingua, cultura e forma de vida, que supoñen un intercambio máis alá do especificamente económico. Dependendo da importancia do fluxo migratorio pode darse unha adaptación en diferente grao do inmigrante á nova sociedade (chegando incluso á asimilación en caso de ser numericamente de escasa representación) ou ben un enriquecemento da sociedade receptora pola bagaxe do novo membro. (vid. supra Padróns sociopolíticos).

1.1.2. Actividade económica

1. A poboación vese condicionada polos tipos de agricultura que practica (minifundista ou latifundista, intensiva ou extensiva, de subsistencia ou comercial, sedentaria ou pastoral...), polo que cultiva (alimentos directos e de primeira necesidade ou de luxo, materias primas para industria ou manufacturación posterior), pola repartición espacial destes tipos, polos métodos de cultivo e tecnoloxía, pola propiedade da terra, etc.

Moitos factores determinan a actividade agrícola: condicións físicas do territorio, cultura (p. ex.: a herdanza ao vinculeiro mantén a paisaxe agrícola, mentres que a partición desmembra), demanda (p. ex.: o paso da agricultura de autoconsumo á comercial), transporte (p. ex.: a

rapidez determina o cultivo de produtos máis ou menos duradeiros), capital (a maior capital investido no cultivo maior produtividade), política (de comercio, as taxas, prezos de alimentos...).

2. Os recursos naturais axudan á xente a conseguir o seu potencial económico. Son a auga, localización, clima, elementos xeolóxicos, madeira, pesca... Moitos deles teñen valor no seu estado natural e outros necesitan dun procesamento.

Na realidade dialectal pode ter importancia o sistema técnico de explotación destes recursos. Por exemplo, a pesca tradicional de Galicia é a de baixura. Este tipo de pesca tende a realizarse a baixa escala e en grupos de traballo reducidos, o que favorece unha fragmentación dialectal alta por non haber unha rede de explotación e comercialización común a todas elas que propicie a comuñón das denominacións dos peixes e artes.

O atractivo dunha zona respecto dos seus recursos naturais pode supor a localización dunha industria de explotación próxima a ela. Galicia conta cunha pesca riquísima e man de obra relativamente barata que favoreceu o asentamento de empresarios cataláns que extraían o peixe das nosas costas e procesábano para poder transportalo á zona demandante que era a costa oriental da Península Ibérica. A afectación da realidade dialectal das nosas costas debido a este movemento migratorio tamén será tratado a continuación neste mesmo artigo.

3. O sector da *industria* pode considerarse nun sentido laxo tanto a extracción da materia prima –primaria–, manufacturación –secundaria–, transporte ata distribuidores –terciaria– e comercialización –cuaternaria– ou falarse de industria só respecto do proceso de manufacturación. Esta á súa vez pode ser doméstica, artesanal ou industrial. A súa localización e características atenden a factores atraentes como poden ser a xeografía física, a terra e as materias primas, o capital para investir, a dispoñibilidade e custo da man de obra, as facilidades de transporte, a localización do mercado demandante e a restrición ou permisividade da política do goberno.

Lingüísticamente un sistema de manufacturación artesanal ou industrial ten moitas repercusións dado que afecta en alto grao á distribución e asentamento da poboación, estilo de vida, etc. A industrialización dunha zona convértea nunha fonte de traballo atraente para a poboación residente en zonas máis deprimidas do territorio. Verificouse ao longo da

historia a migración do campo á cidade (recordemos que os traballadores levan consigo a súa lingua), o nacemento da clase obreira e procesos psicossociais asociados a estes feitos como é o desexo de ruptura co vencello dunha vida que deixaron por outra mellor ou o sentimento de lealdade coa clase.

4. As *comunicacións* son importantes para os movementos de bens, servizos e ideas. A súa importancia radica en que serven para equilibrar as desigualdades da actividade humana. A escolla do modelo (vía mar, terra ou aire) dependerá das vantaxes ou desvantaxes relativas: custo, conveniencia, flexibilidade de rutas, velocidade e fiabilidade.

Galicia tamén entra na actualidade no mundo da comunicación global. Á hora de falar de factores de nivelamento da variación xeográfica, esta, xunto coa escolarización, é unha das forzas máis potentes de influencia. Os medios de comunicación de masas e redes viais van amortecendo ou case eliminando os cortes que supuñan as distancias xeográficas na detección de isoglosas.

5. O *tráfico* de bens e servizos é a conexión entre a demanda de cubrir necesidades (reais ou creadas) e a oferta a tales requirimentos. A tipoloxía vén definida polo criterio da distancia cuberta dende a industria ao comprador. O comercio enténdese a un nivel local que cobre unha corta distancia e o comerciante que vende nunha zona de mercado é quen consegue tamén o produto manufacturado. O tráfico enténdese a un nivel interrexional ou internacional, polo tanto cobre maiores distancias e pasa por un intermediario (o traficante) que compra o produto manufacturado e véndeo a un comerciante, pasando polos beneficios das taxas de transporte.

Dialectoloxicamente a necesidade á que responde o comercio –cubrir unha demanda– supón a introdución dun produto ofertado do que se carecía, e normalmente isto trae consigo unha nomenclatura para tales realidades, pesos e medidas, continentes e xergas do gremio... É determinante neste proceso o feito mesmo da distancia cuberta entre o centro de manufacturación e a zona de mercado demandante. Un comercio local non ten as mesmas repercusións na lingua que un interrexional ou internacional. Na transacción dun produto manufacturado na mesma zona de demanda usarase a denominación que teñen en común todos os individuos que interveñen na cadea –falantes da mesma lingua– e en cada localidade farase o propio. Mentres tanto, na comercialización dun

produto do que carecía en principio a zona demandante adoita introducirse unha denominación foránea, é dicir, un préstamo.

6. Aínda que o *comercio* xorde da desigualdade entre zonas, o desenvolvemento económico pode chegar a acentuar tales desigualdades. A diferenza de desenvolvemento económico entre zonas xera normalmente un proceso que tende a acentuar a fenda entre elas. As zonas deprimidas non xeran industria, as súas materias primas vense esquil-madas, a falta de traballo leva á migración cara a zonas desenvolvidas, hai menos capital para investir, son máis inestables política e socialmente, etc.

1.1.3. Asentamentos

Aínda que todos os asentamentos son únicos en morfoloxía é posible establecer unha clasificación e xerarquía atendendo a características como cantidade de poboación, función (estadísticas de emprego) e forma (tipos de tendas, número de igrexas e escolas, estilos arquitectónicos, etc.). A distribución dos asentamentos depende da súa extensión funcional (p. ex.: ao lado dunha cidade grande que ten un raio de abastecemento moi amplo non vai haber outra cidade igual de grande que interseccione a zona da primeira).

1. *Os asentamentos rurais* representan as comunidades humanas máis antigas que xurdiron pola agricultura e permanecen funcionalmente unidas á terra. Constitúen a sociedade máis tradicional, conservadora e con menos prexuízos económicos e sociais. Coa industrialización a vida do campo está desaparecendo (e as vilas son invadidas por turistas ou xubilados). As razóns para situar unha localidade poden ser: por reservas de auga, chan seco (evitando riadas), terra para cultivar, defensa (antigos), comercio ou oportunidades de servizos. Así mesmo a súa distribución pode ser casual, nucleado, regular ou linear (p. ex.: unha vila que nace por razóns de comercio asentárase en pontes, cruces de camiño ou ao longo dunha liña principal de comunicación como un camiño, estrada, canal ou liña ferroviaria).

2. *Os asentamentos urbanos* son lugares *divorciados* da actividade primaria. Teñen maior densidade de xente e edificios e unha diversidade maior de funcións sociais. As cidades aparecen normalmente despois de que a agricultura é o suficientemente produtiva como para man-

ter unha poboación non labrega. Algunhas nacen espontaneamente e outras froito dunha planificación con fins militares ou administrativos. Unha rápida urbanización (crecemento da poboación urbana) pode deberse a moitas razóns tendo maior ou menor peso unhas ou outras, por exemplo, avances agrícolas e industrialización, potencial mercantil, incremento do sector servizos, atracción social ou cultural... A distribución das cidades ten que ver, como xa se dixo, coa relación funcional que garda coa zona circundante: cando hai unha relación agrícola e industrial, as aforas abastecen de alimentos esenciais e materia prima e a cidade actúa como centro colector-mercantil e procesador-proveedor de manufacturas; se a relación é comercial e social, os arredores fornecen de clientes á cidade e esta ofrece servizos profesionais, sanitarios, de entretemento, culturais, etc.

A distribución lingüística en Galicia segundo os asentamentos sexan urbanos ou rurais atende á mesma tendencia de comportamento lingüístico de clases de prestixio (ou que aspiran a ser identificados como tales) e clases de non prestixio (ou que son cualificadas así polas clases prestixiosas). A adscrición do idioma galego ao mundo rural ten obvias consecuencias desastrosas tanto pola rapidez do proceso de urbanización e consecuente abandono do campo como pola pauta comportamental que dita a súa influencia simbólica.

2. A MIGRACIÓN INTERNA: OS CATALÁNS

O intercambio comercial existente entre Cataluña e Galicia remóntase ao século XV e chegará ata o asentamento definitivo dos cataláns no litoral galego que se deu entre a segunda metade do século XVIII e primeira do XIX. Durante os primeiros séculos de contacto e ata a definitiva instalación, o tránsito mercantil estableceuse de xeito discontinuo debido ás constantes guerras que enfrontaba España con outros países, provocando que os desprazamentos fosen potencialmente moi perigosos.

As primeiras incursións serviron para tentear o potencial pesqueiro das nosas rías, sobradamente recoñecido dende a antigüidade pola súa extraordinaria riqueza. Tratábase de incursións efémeras, duraban o que a campaña pesqueira duraba, co fin de obter beneficios en pouco tem-

po e cos mínimos custos. Os mercadores vidos do litoral mediterráneo comerciaban co produto fresco: sardiña, congro, atún ou pescada, que mercaban frescos aos propios pescadores galegos, posto que estes era tan abundantes nas nosas rías que o prezo que acadaban nas prazas era moi reducido, o que tornaba o negocio rendible unha vez manipulados mediante as súas propias técnicas de salga, que permitían alongar a súa caducidade e distribuílos a centros económicos como Barcelona, Valencia, Alacante, Almería, etc.

Con todo, non se limitaron a exportar produto galego, senón que introduxiron modificacións nas artes autóctonas da pesca coma a xávega, arte de pesca que cun menor investimento en tempo e homes acadaba maiores capturas, pero cun forte impacto no ecosistema das rías galegas. Esta arte ía en prexuízo da arte chamada *xeito*, utilizada polos pescadores autóctonos, respectuosa coas millóns e a cría da sardiña. Os propios mariñeiros galegos levaron a cabo numerosas protestas, algunhas violentas, ante o medo de ver esgotar as riquezas do seu mar polo uso indiscriminado de sistemas tan devastadores.

Como cabe esperar, a maior parte do vocabulario relacionado con esta nova arte vén importado xunto con ela do catalán, comezando polo propio nome desta:


xávega: Arte de pesca que consiste nunha rede de máis de cen brazas de lonxitude, composta dun cope e de dúas bandas, das cales se tira desde terra mediante uns cabos longos (RAG 1997). Procede do árabe XÁBAKE, 'rede'.

xàvega: Xarxa de corda de malles grosses. Art de pesca de grans dimensions, de transició entre els arts d'encerclament i de ròssec, emprat en la pesca a l'encesca. (DLIC1995).

cope: Parte da rede do aparello, a xeito de bolsa, onde se concentra o peixe (RAG 1997).

cóp: En la pesca, part de la majoria dels arts d'encerclament i de ròssec, i en general dels arts que no mallen peix, on resta concentrada la captura (DLIC 1995).

En xeral temos rexistros ao longo do noso litotal, tanto no norte coma no sur, pero no mapa 1 obsérvanse as áreas de concentración dos rexistros da voz *cope*, localizadas nas zonas portuarias máis importantes: rías de Coruña, Betanzos, Arousa, Pontevedra e Vigo, onde se utiliza con maior frecuencia este tipo de arte. Son tamén os principais portos de movemento de mercadoría.



Mapa 1. *Cope* (fonte: Tesouro Lexicográfico do ILG)



Mapa 2. *Tralla* (fonte: Tesouro Lexicográfico do ILG)

tralla: Cada unha das cordas con que se reforzan os bordos das velas e das redes de pesca e onde, nestas últimas, van colocadas as cortizas e a chumbada (RAG 1997).

tralla: Tros de corda o tira de cuir que forma part d'unes xurriaques, fixada a un dels caps de la varao al mànc. Corda que en un sardinal uneix l'armadura dels suros amb el bornoi (DLIC 1995).

cúa: Corda delgada para reforzar as redes do xeito ou doutras artes de pesca. (Ir Indo 2004).

cua: Ansa de corda unida pel mig a un cap llarg de corda i pels extremos a la cabestrera i a una peça de mussoles (DLIC 1995).

Para a voz *tralla* (mapa 2) atopamos máis rexistros que veñen a confirmar as zonas de maior instalación da arte, as Rías Baixas, primeiro asentamento dos cataláns e, por isto, zona que se viu exposta a un maior tempo de influxo das innovacións traídas por estes.

O intercambio comercial implicaba un ir e vir de mercadorías, dado que así aproveitaban a viaxe facéndoa dobremente frutífera: cargaban nas costas galegas salga para retornar con viño, augardente, pinturas, redes, lonas, alcatráns, cordoería, etc., nalgúns casos utilizados como salario para os pescadores galegos.

Unha segunda incursión da inmigración catalá nas nosas terras prodúcese desde comezos do século XVIII ata mediados do XIX. Xa non se trata de intercambios temporais; a nova ondada migratoria chega con espírito empresarial e desexos de asentamento. Erixirán casa e fábrica nun mesmo edificio, como se observa nos vestixios de arquitectura industrial da zona do Areal en Vigo.

Coas novas técnicas de salga industrial introducen conxuntamente a concepción moderna do traballador-obreiro, enfrontada coa figura do artesán, a quen lle era imposible competir co volume e custos de produción que manteñen as fábricas de salga, levándoo á práctica extinción.

A presenza dos cataláns xa non só afectaba ás prácticas pescantinas, senón a toda unha infraestrutura portuaria e fabril, na busca de mellores de rendemento e técnicas de captura, así como de manipulación do produto. Con todo, non hai que pensar en grandes infraestruturas, as fábricas catalás de salga reducíanse a un edificio rectangular dividido en tres seccións: a *chanca*, depósito de salmoira, o *claro* ou patio e o *morto*, lousado que posuía unha canle que desemboca no pozo de saín a onde ía a graxa da sardiña prensada. Cando o lugar onde se erixía estaba ao abrigo dos ventos, só se construían os *peiraos* e *varadoiros*, sen necesidade de levantar muros de contención nin diques.

O influxo do catalán dentro do léxico marítimo galego é francamente forte. Un fenómeno que dá conta da envergadura da impregnación catalá na nosa lingua é a utilización de denominacións tomadas desta para a fauna marítima das costas galegas. Trátase, como cabe esperar, de especies coas que se comerciaba ou que manufacturaban nas súas fábricas, isto é, aquelas que posuían algún tipo de interese económico.

Un caso moi claro de adopción do préstamo catalán nunha especie comercializada por eles é a variante *cabala* fronte á voz preexistente no noso territorio *xarda*.



Mapa 3. *Xarda, cabala* (fonte: Ríos Panisse 1977)

Puntos onde se rexistra *xarda* e especies:

- ◆ *Scomber colias*: Cariño, Burela, Ribadeo, Foz e rexionalmente en Ferrol
- ◆ *Scomber scombrus*:. Noia, Sardiñeiro, Lira, Abelleira, Rianxo, Carril, Portosín, Ézaro, Muxía, Camariñas, Corme, Caión, Mera, Pontedeume, O Grove, Vilanova de Arousa, Escarabote, Ribeira, Aguiño, Muros, San Cibrao, Laxe, Malpica, Sada, Miño, Mugardos, Pantín, Bares, Cedeira, Cambados, Ares, Espasante, Viveiro e rexionalmente en Palmeira e Vilaxán.

Puntos onde se rexistra *cabala* e especies:

◆ *Scomber colias*: Bares, Viveiro, Burela, Cambados, Mugardos, Cedeira, Muxía, Camariñas, Corme, Caión, Mera, Pontedeume, San Cibrao, Sada.

cabala rabeona: Espasante.

◆ *Scomber scombrus*: Figueiras, Mogor, Portonovo, Escarabote, Sada, Rinlo, Cariño, Espasante, Ribadeo, Bouzas, A Guarda, Caminha, Panxón, Cesantes, Cangas, Bueu, Ares e rexionalmente en Redondela.

O termo *xarda* procede do étimo latino SARDA. Este nome era orixinalmente o termo aplicado a un produto salgadoiro que se elaboraba en Sardeña e que se estendeu como nome de peixe. Non hai noticias sobre cal era a especie de peixe que maioritariamente se utilizaba neste proceso de conservación e tampouco cales outras ocuparon o seu lugar en momentos sucesivos, polo que acabou por abranguer todas aquelas especies que en xeral eran salgadas ou curadas. Este fenómeno provoca que o vocábulo, repartido por toda a Romanía, aluda en cada punto a especies moi diversas: sardiña, bonito, arenque, anchoa, etc. De aí que en catalán *sarda* sexa o termo referido á *Sardina pilchardus*, a sardiña, mentres que no noso caso é *Scomber colias*, a xarda.

O outro termo que convive nas rías galegas para denominar o *Scomber colias* é *cabala*. Segundo Corominas (1984) o étimo desta etiqueta está relacionado co de «cabalo». É frecuente que aos peixes se lles atribúan nomes de animais terrestres por gardaren algún tipo de similitude con eles, e Corominas fai toda unha serie de concatenacións: a cabala garda parecido co «cabalo-voador», *Exocoetus volitans*, que á súa vez recibe o nome do parecido co cabaliño do demo e este finalmente relacionado co «cabalo-équido». O que ocorre é que, sorprendentemente, nin o *Exocoetus volitans* nin que se saiba ningún outro peixe voador se chama *cabalo voador*.

No mapa pódense ver zonas de convivencia dos dous termos, concentrados especialmente nas Rías Altas; este feito débese a que houbo unha sorte de especialización dos termos para facer a distinción entre dúas especies moi semellantes, a *Scomber colias* e a *Scomber scombrus*: Cariño, Ribadeo, Bares, Viveiro, Cambados, Mugardos, Cedeira, Muxía, Camariñas, Corme, Caión, Mera, Pontedeume, San Cibrao e Sada. Pola contra, tamén pode suceder que se recollan os

dous termos nun mesmo punto a pesar de que estén referidos ao mesmo espécime: Burela, Escarabote, Sada, Espasante e Ares; neste caso o que se está a producir é unha loita entre o mantemento do termo autóctono e a extensión da forma foránea, cunha grande vantaxe sobre a primeira ao posuír o respaldo dos sectores económicos puxantes. No caso de puntos onde só se atopa unha voz, comprobamos que o termo catalán coincide coa zona de maior asentamento das industrias catalás, polo que a distribución léxica é acorde coas áreas de maior influencia da poboación catalá, onde a forma galega foi finalmente desterrada.

Ríos Panisse (1977), antes das notas etimolóxicas, asocia non tanto as características físicas como as actitudinais á hora de comparar o escómbrido co équido. Dentro da súa teoría poden lerse varias interpretacións segundo se pense nunha ou noutra arte de pesca. Na pesca con aparello e cebo, a cabala acode *en tropel* ao que se lle pode atopar unha semellanza coas greas de cabalos salvaxes, pero tamén pode ser, segundo Ríos Panisse, comparable ao cabalo que se quere liberar da renda dado que cando se pesca con tanza e morde a bica ten un toque enérxico ao tratar de liberarse.

Non hai unha explicación definitiva para o noso étimo, pero o que si nos interesa saber é que no caso do galego este termo foi introducido polos cataláns, adaptado á fonética galega a partir da forma *cavalla*, probablemente desprazando de forma definitiva o termo *macareu*³, termo de escasa vixencia (en Laxe utilízase hoxe para denominar o bocareo).

A modo de complemento, achegaremos información sobre outras dúas formas que non debemos esquecer: *verdel* e *rincha*. A primeira é unha denominación hoxe en día bastante estendida; procedente da forma occitana *berdéu*, entrou no noso territorio a través do castelán *verdel*, termo que atopamos dende o País Vasco ata Galicia. Deriva do gascón *berd*, verde, do latín VIRIDIS, debido ao ton verdoso do corpo deste peixe.

³ A voz provén do termo francés 'maquereau', de orixe dubidosa e que probablemente aluda ás pintas no corpo deste peixe ao estar relacionado co verbo *maquer*, *macher* 'contusionar; facer marcas' e de aí *moteado*. Era a voz autóctona ata que foi totalmente desprazada.



Mapa 4. *Ríncha, verdel* (fonte: Ríos Panisse 1977)

Puntos onde se rexistra *rínchón* e especies:

◆ *Scomber colias*: Portonovo, Ézaro e rexionalmente en Vilaxán.

rínchón apintarao: Figueras.

ríncha: Redondela.

◆ *Scomber scombrus*: **ríncha**:

a grande: Sardiñeiro, Lira, Abelleira, Rianxo, Carril, Portosín, Camariñas, Mogor, Portonovo, Vilanova de Arousa, Escarabote Espasante Bouzas, Cesantes, Ézaro, Muros, Bueu (rexionalmente en Palmeira, Portonovo, Raxó, Vilaxán, Marín).

a pequena: Muxía, Sada, Cambados, Panxón, Cangas, A Guarda.

Puntos onde se rexistra *verdel* e especies:

◆ *Scomber colias*: Escarabote, Mugardos, Rinlo.

◆ *Scomber scombrus*: Pontedeume, Cangas de Foz, Cariño, Ares.

O castelanismo entra polas Rías Altas, máis sensibles á entrada de terminoloxía foránea debido ao maior contacto con mariñeiros do restante litoral do Cantábrico. **Ríncha**, ao ser un termo especializado en gran parte do territorio para denominar o espécime de menor tamaño, pode convivir sen dificultade coas voces anteriormente estudadas. É interesante comprobar que no punto de Escarabote, na Ría

de Arousa, si que fan distinción entre *rincha* e *verdel* como especies diferentes, mentres que no caso de *xarda* e *cabala* usábanos indistintamente para as dúas especies.

Rincha, e a súa variante **rinchón**, deriva da forma verbal *rinchar*, do latín *HINNICLARE, co significado primeiro de ‘cabalo pequeno sen castrar’, e así como esta voz era reservada para o cabalo de menor tamaño, no caso de rinchón ‘peixe’, adxudicóuselle á xarda de menor tamaño. Cando se difuminou este paralelismo e a forma ‘rinchón’ comezou a sentirse como un aumentativo, creouse a forma regresiva ‘rincho’ que pasou a concordar en feminino coa forma para maior tamaño ‘xarda’. Esta explicación etimolóxica viría a secundar a explicación do termo ‘cabala’ asociado coa evolución da voz para o mamífero. Ríos Panisse (1977) achega ademais outra opción de explicación, inda que máis feble:


Cabe aún otra posibilidad: que cabala sea una elipsis de ‘Xarda cabala (o algo parecido) y que se refiriese sólo al *Scomber scombrus* cuyo tamaño normal es de 50 cm, y rinchón sea elipsis de *xarda rinchón, referido sólo al *Scomber colias*, que alcanza por término medio los 35 cm. Más tarde, debido a que el pescador no suele denominar las especies con la precisión del naturalista y a que los tamaños son relativos a la edad, los nombres de cabala y rinchón fueron usados indiscriminadamente para los dos Scombri. Esto explicaría satisfactoriamente por qué se llama cabala (caballa, cavalla) y no caballo etc.

E tamén explicaría que a mesma etiqueta fose utilizada posteriormente para denominar en diferentes puntos ben á grande ou ben á pequena.

Nalgúns casos, e como xa aconteceu no anterior exemplo, o mesmo termo pode dar nome a diferentes especies moi semellantes entre elas. Este feito fai que **pota** alterne con **lura** no caso do *Ommastrephes sagittatus*, o *Todarodes sagittatus* e o *Illex illecebrosus coindeti*. Segundo Corominas (1980) **lura** provén da forma latina LOLIGINE ‘calamar’ e que chegou ata os nosos días coas variantes **lura**, **lula** ou **alura**.

O mesmo acontece co *Illex illecebrosus coindeti* no caso do termo **calamar**, do italiano dialectal **calamaro**, ‘tinteiro’, e que entrou no noso territorio probablemente dende o castelán.

Preséntasenos unha casuística moi complexa debido a que os espécimes son moi semellantes en aspecto entre eles, e só pequenas percepcións en diferencias de tamaños ou morfoloxía xustifican o etiquetado.



Mapa 5. *Calamar, lura, pota* (fonte: Ríos Panisse 1977)

Puntos onde se rexistra *lura* e especies:

◆ *Loligo vulgaris*: A Guarda, Panxón, Cangas, Bueu, Cambados, Portonovo, O Grove, Vilanova de Arousa, Escarabote, Ribeira, Aguiño, Laxe, Noia, Sardiñeiro, Lira, Ézaro, Ares, (a pequena, rexionalmente nas Rías Baixas e Muros), rexionalmente en Vilaxán e Raxó.

lura ghallegha: Mogor e rexionalmente. en Marín.

◆ *Illex illecebrosus coindetii*: Cesantes e rexionalmente en Raxó.

◆ *Ommastrephes sagittatus*: **lura pota**, Mogor.

◆ *Todarodes sagittatus*: Escarabote.

Puntos onde se rexistra *pota* e especies:

◆ *Ommastrephes sagittatus*: Caminha, A Guarda, Panxón, Bouzas, Bueu, Cambados, Laxe, Portonovo, Rinlo, Ares, Ribeira, O Grove, Escarabote, Sada, Miño, Mugarodos, Figueiras, Ézaro, Muxía, Camariñas, Corme, Caión, Mera, Pontedeume, Cedeira, Cariño, Espasante, Bares, S. Cibrao, Viveiro, Burela, Foz, Ribadeo, Noia, Sardiñeiro, Lira, Rianxo, Carril, Portosín, Vilanova de Arousa, Malpica, Mogor.

pota de altura: Cangas e Abelleira.

◆ *Todarodes sagittatu*: rexionalmente. en Vilaxán, Raxó, Portonovo e Cangas de Morrazo.

◆ *Illex illecebrosus coindetii*: rexionalmente en Vilaxán e Portonovo.

◆ *Sepiola rondeleti*: Bouzas, Cesantes, O Grove, Rianxo, Escarabote, Vilanova de Arousa.

pota de altura: Mugar dos.

Puntos onde se rexistra *calamar* e especies:

◆ *Loligo vulgaris*: Bouzas, Cesantes, Cambados (ao pequeno), Malpica, Sada, Miño, Mugar dos, Figueiras, Muxía, Camariñas, Corme, Caión, Mera, Pontedeume, Ares, Pantín, Cedeira, Cariño, Espasante, Bares, Viveiro, Burela, Cangas de Foz, Foz, Rinlo, Ribadeo, Noia, Lira, Rianxo, Carril, Portosín, San Cibrao, Laxe, (rexionalmente no Grove, Portonovo).

◆ *Illex illecebrosus coindetii*: rexionalmente en Marín.

◆ *Sepia officinalis*: rexionalmente en Carril.

O termo **pota** aparece recollido en toda a costa, polo que a explicación autóctona da voz parece que colle máis peso, inda que non podemos descartar unha potenciación desta voz ao ser apoiada pola coincidencia co termo catalán, o que permitiría que se expandise por todo o territorio.

Especulouse tamén coa posibilidade de que a forma *pota*, Eledone aldrovandii, puidese proceder da forma catalá:

pota: Mol-lusc cefalópode dibranquiat (*Todarodes sagittatus*), de cos allargat, semblant al del calamar, que neda molt de pressa i amb molt de vigor. (DLIC 1995)

Este dato non aparece no vocabulario de Ríos Panisse dado que intenta explicalo a través da outra acepción que en catalán ten esta voz, *pouta* (facendo un paralelismo dos tentáculos do cefalópodo coa pouta dun animal):

Etím. [...] Según Alvar pudo proceder del cat. *pota* ‘pata’, “cuyo cambio semántico ‘pata:’ > “calamar” sería semejante al de “raba” que, en Santander, eran los tentáculos del pulpo y ahora son ya (en los bares al menos) los calamares”. La existencia de *pouta* (en el vocabulario común ‘pata’, ‘garra’) del mismo origen que el catalán *pota* (y castellano *pata*) parece confirmar la hipótesis propuesta por Alvar. De todas maneras no resulta muy comprensible que el gallego haya tomado esta palabra del cat., dado que, en esta lengua, *pota* no se aplica a ningún cefalópodo. (Ríos Panisse)

Unha segunda interpretación daríalle unha orixe máis próxima ao acervo galego expresando con esta denominación a similitude entre o corpo do cefalópodo e un pote, utensilio de cociña de forma redondeada e avultada e que, ademais, o seu aspecto ennegrecido polo lume tamén podería relacionarse coa tinta que solta o animal para defenderse.

A diferenza do caso de *xarda* e *cabala*, os tres termos do mapa 5 distinguen con etiquetas claras cada unha das especies de cefalópodos, exceptuando o caso de Ares, Noia, Lira, Laxe, O Grove e Portonovo, onde conviven *lura* e *calamar* para denominar o *loligo vulgaris*. En Mogor conviven *pota* e *lura pota* para o *ommastrephe sagittatus*. Finalmente, en Cambados utilizan *calamar* especificamente para o de menor tamaño e *lura* para o grande.

O contacto entre mariñeiros de diferentes nacionalidades produciu tamén a absorción de terminoloxías foráneas para a denominación de especies que habitan zonas extensas do litoral cantábrico. Este fenómeno foi potenciado pola utilización de barcos ingleses e franceses para o transporte da salga dende as nosas costas aos puntos de venda mentres non se constituíu unha flota autóctona que optimizase o servizo (probablemente a orixe da mariña mercante vasca).

Un exemplo da extensión dun termo alleo na zona galega é o de **xurelo** en distribución conxunta con **chicharro/chicharrón**.

Repetindo o mesmo fenómeno dos dous casos anteriores, ímonos atopar cunha etiqueta que acubilla baixo dela especies diferentes pero moi semellantes entre elas: **xurelo**, que alude principalmente ao *Trachurus trachurus*. A forma **xurelo** procede do grego SAÛROS co significado de 'lagarto e xurelo', pasou ao latín cunha forma SAURUM, mais a forma romance deriva do diminutivo *SORELLU. En numerosos casos o nome do peixe vai acompañado dunha adxectivación que ás veces alude ao tamaño.

O préstamo traído ao noso territorio debido ao contacto dos mariñeiros galegos con mariñeiros doutras nacionalidades é **chicharro**; proba desta expansión é que se trata dunha denominación regular por todo o Cantábrico. Esta voz presenta dificultades á hora de outorgarlle unha orixe clara, polo que os estudosos danlle ata catro posibles explicacións:

a) Seguindo a liña de outorgarlle nomes de animais xa coñecidos debido ás similitudes que poidan gardar, a forma **chicharro** podería

derivar da antiga palabra **chicharra** para cigarra a causa das similitudes físicas que existen entre ambos: cor verde e aspecto queratinoso do corpo do xurelo, pero o feito de ser unha voz tan espallada debilita esta primeira hipótese segundo Corominas (1980).

b) Tamén podería tratarse da aplicación do nome dun paxaro, teoría achegada por Ríos Panisse, fenómeno máis frecuente que a utilización de nomes de insectos. Segundo esta autora deberíanse estudar en parárelo aqueles nomes de paxaros creados a partir da onomatopea TSÍÍ ou CHÍÍ; para o *Parus maior*: **chincharro**, **cincharro** (provenzal), **cinciallegra** (italiano); **chincharre**, **chinchárro**, **chincheparre** (gascón); **chinha** (portugués).



Figura 6. Parus maior

Isto xunto ao feito de que en Galicia existe un gran número de exemplos de nomes de paxaros usados para a denominación de peixes: **aguía**, **galo**, **curuxa**, **chasco**. Lamentablemente a autora consultada non ofrece ningún tipo de explicación para argumentar o uso do nome deste paxaro aplicado ao peixe co que non garda parecido físico aparente (vid. debuxo carboeiro) e co que, respecto ao comportamento, parece que tampouco existen puntos comúns.

c) Unha terceira posibilidade de acordo coa teoría do contacto lingüístico que vimos seguindo sería a de buscar unha orixe bretoa ‘chinchard’, coñecida en todo o territorio francés, e que sería asimilada polas linguas que baña o mar Cantábrico: **chichar**, **chichàrrou** (gascón); **txitxarro** (vasco), **chicharro** (asturiano, galego e portugués). Ríos Panisse explica a caída do -n- por unha interferencia coa voz ‘chicharra’ anteriormente nomeada.

Esta terceira teoría permítenos ademais explicar a orixe doutro termo: **chincho**, voz utilizada para denominar o ‘xurelo pequeno’, creada a partir da forma chincharro antes da interferencia fonética con **chicharra**. Chicharro acabaría por sentirse como un aumentativo, o que xerou que se crease a forma para a designación do tamaño pequeno.

d) A derradeira explicación que nos achega Ríos Panisse alude a un préstamo do andaluz. ‘chicharra’ é un nome que se aplica ao *Cephalacanthus volitans*, peixe que se atopa nas costas do mar Mediterráneo e que posúe trazos mórficos que fan que se asemelle ao insecto: ollos moi grandes, corpo curto e groso semellante ao da cigarra e aletas pectorais moi desenvolvidas. Sendo así, habería que consideralo como andalucismo, inda que a mesma autora sospeita que máis probablemente sexa un préstamo de norte a sur e non ao contrario.

En xeral os xentilicios do tipo francés refírense a unha especie menos frecuente que a común. En Portosín diferencian entre **xura** (*Atherina presbyter*), **xurelo** (*Trachurus trachurus*) e **xuelo** (*Argentina sphyraena*). A adxectivación ‘moscón’ pode vir orixinada polo ollo grande do xurelo, semellante ao do insecto, ou ben polo propio tamaño grande do peixe.

No mapa vese que o termo chicharro predomina no norte da costa, probablemente debido ao maior contacto desta zona con barcos vidos doutras zonas do Cantábrico, mentres que as Rías Baixas manteñen fundamentalmente a voz autóctona xurelo.



Mapa 7. Chicharro/chicharrón, xurelo, chincho (fonte: Ríos Panisse 1977)

Puntos onde se rexistra *chicharro/chicharrón*:

◆ *Trachurus trachurus*: Vilanova de Arousa, Escarabote, Rinlo, Cariño, Espasante, Bares, Viveiro, Burela, Ribadeo, Figueras, Foz, S. Cibrao (o maior que o xurelo).

o pequeno en Lira e Ares.

Puntos onde se rexistra *chincho*:

◆ *Trachurus trachurus*: Portonovo, Vilanova de Arousa, Escarabote, San Cibrao, Malpica, Miño, Mugar dos, Cedeira, Espasante, Cariño, Bares, Viveiro, Bouzas, Cambados, Cesantes, Cangas, Bueu, Noia, Sardiñeiro, Abelleira, Rianxo, Portosín, Ézaro, Camariñas, Caión, Mera, Pontedeume, Mogor, Sada, Muros, Ribeira, A Guarda, Panxón e rexionalmente en Vilaxán, Marín, Goián e Redondela.

Puntos onde se rexistra *xurelo* e especies:

◆ *Trachurus trachurus* (xurel): O Grove, Vilanova de Arousa, Escarabote, Ribeira, Aguiño, A Coruña e rexionalmente en Palmeira e Portonovo.

◆ *Trachurus trachurus*: (xurela): A Coruña, Sada, Miño, Mugar dos, Muxía, Caión, Mera, Pontedeume, Ares.

◆ *Trachurus trachurus* (xurelo): Portonovo, Vilanova de Arousa, Sardiñeiro, Laxe, Malpica, A Coruña, Sada, Miño, Canto de Area, Mugar dos, Pantín, Cedeira, Cangas, A Guarda, San Cibrao, Bouzas, Cambados, Panxón, Bueu, Noia, Bares, Rianxo, Carril, Portosín, Ézaro, Muxía, Camariñas, Corme, Caión, Mera, Pontedeume, Ares, Ribeira e rexionalmente en Vilaxán e Raxó.

◆ *Trachurus trachurus* (xurelón): Cedeira.

xurelo da bola: Cedeira.

xurelo da choca: Caión.

xurelo da choca: Mugar dos.

xurelo moscón: Portonovo, Bueu, Portosín, Panxón.

xurelo sardiñeiro (o mediano): Cangas, Corme, Caión e Laxe.

xurelo troto: Panxón.

◆ *Argentina sphyraena* (xurelo): Rinlo, Foz e Ribadeo.

◆ *Atherina presbyter* (xurelo): Ribadeo, Rinlo, Foz e Burela.

◆ *Scomber colias* (xurelo francés): Panxón.

◆ *Trachurus picturatus* (xurelo francés): Cedeira.

Respecto da forma ‘chincho’, a súa aparición ao longo de todo o litoral vén dada polo fenómeno de especialización que sufriu este termo,

dando nome ao xurelo de menor tamaño e que deste xeito, ao igual que acontecía con ríncha, pode convivir sen entrar en conflito con calquera das outras dúas voces.

Como puidemos comprobar, os factores de tipo económico/migratorio penetran na sociedade tan intensamente que poden chegar a acceder a un reduto que se cre blindado como é a etiquetación da fauna autóctona, introducindo voces foráneas para denominar especies que funcionan como nexos comerciais entre culturas distintas.

Este tipo de fenómenos dáse especialmente cando a sociedade foránea é a que posúe o poder económico, nun desequilibrio de prestixio que a converte en modelo a seguir. Os cataláns trouxeron avances na industria pesqueira, eran os donos das fábricas onde acolleron a nacente clase obreira galega, que adoptou a terminoloxía das elites, espallándoa dentro dos seus círculos sociais e pouco a pouco, esvaeando a existencia dunha voz propia.

3. A INFLUENCIA DA IGREXA

Deixando a un lado o problema dos substratos, e achegándonos a épocas máis veciñas a nós, non cabe dúbida de que a organización das agrupacións humanas, os seus modos de vida, o contacto entre elas, os intercambios comerciais, etc. tiveron influencia sobre aspectos importantes das linguas.

A nosa idea de principio era disertar brevemente sobre a importancia da igrexa, das súas institucións e das súas divisións administrativas na nosa lingua. Pero a amplitude do tema, e sobre todo a falta de tempo para poder afrontar o seu tratamento coa necesaria profundidade, leváronnos a limitar drasticamente o obxecto desta parte da exposición.

Xa en 1870 M. Schuchardt chama a atención dos romanistas sobre a coincidencia de certas divisións eclesiásticas cos límites dialectais. No 1878 Longnon na súa *Géographie de la Gaule au VI^e siècle* facía ver que os límites diocesanos do tempo do antigo réxime continuaban a miúdo os antigos límites das *civitates* latinas que, establecidas por Augusto vinte e sete anos antes de Cristo, continuaban grosso modo as fronteiras de antigas circunscricións de distintos pobos da Galia prerromana. Nesta mesma liña habería moitas contribucións posteriores como a de

Salvioni (referida ao territorio do Tesino) ou de Menéndez Pidal (referida aos límites dialectais entre aragonés e valenciano na provincia de Castelló, que coinciden basicamente cos das xurisdicións eclesiásticas) ou de Krüger (referida á fronteira entre o catalán e languedoc) e tantas e tantas outras posteriormente. En case todos os casos non se insiste só na importancia dos límites diocesanos, senón tamén na das agrupacións máis antigas sobre as que se baseaban as divisións das dioceses.

Tamén no noso territorio a repartición diocesana coincide en boa parte coa repartición dialectal. Pero non nos imos centrar agora na importancia que teñen as divisións diocesanas na dialectoloxía galega, senón na importancia que tiveron certas ordes relixiosas na difusión polo territorio galego de palabras de orixe francesa que hoxe forman parte na súa maioría do noso léxico común. E ímonos limitar a tratar de dar un repaso ás denominacións de certos recipientes para gardar ou almacenar o viño.

3.1. Unha denominación tradicional: cuba

Cuba é a denominación habitual, desde os comezos do idioma galego, para designar o recipiente de madeira constituído por táboas de madeira lixeiramente curvadas suxeitas por uns aros, e cerrado a cada lado por unha parede de madeira, destinado a gardar o viño. É continuador do lat. CUPA, que tiña xa este mesmo significado.


Da vitalidade desta voz na Idade Media⁴ dá fe a frecuencia do seu uso xa desde os primeiros textos galegos:

e otra uet VIII en pan e otra uet. v. en pã as *cubas*.XVI.V. pã quando partimos en Vilar de Colo
(DGS13-16 - 5 - 11 - [1242-1252] [San Xoán de Caaveiro-C])
vna *cuba* plena de [...] que est na moreira per manu de iohanis petri
(? DPNRL - 4 - 101 - 1246 - [Pedroso-Port. (N)])
ij. *cubas* de pane e. i. de uino. e una archa e tres béestas e. v. capellos de ferru

⁴ A documentación correspondente á época medieval está tirada do *Tesouro medieval informatizado da lingua galega (TMILG)*. Agradecemos ao profesor Xavier Varela, director deste proxecto, a xentileza que tivo ao proporcionarnos datos de documentos aínda non incorporados daquela base de datos. Desde aquí o noso agradecemento.

- (DPNRL - 6 - 109 - 1252 - [Pedroso-Port. (N)])
 Ond' hũa gran *cuba* chëa/de vño pararon tal que, sse non foi a madeira,/en
 ela non ficou al.
 (CSM - 351 - 257 - 1264-1284)
 Vaamos catar a *cuba* e tiremoll' o tapon
 (CSM - 351 - 257 - 1264-1284)
 Enton log' aquela gente/aa *cuba* sse chegou, e o que lles diss'aquesto/ben
 per cima a catou e achou-a toda chëa/e a todos la mostrou,
 (CSM - 351 - 257 - 1264-1284)
 Poi-lo menÿo foi morto,/o judeu muit' agÿa soterróo na adega,/u sas cu-
 bas tiÿa;
 (CSM - 6 - 122 - 1264-1284)
 Item a Duranca ma criada. j. cuba e j. arca. e vij. reixelos antre cabras e
 ouelas
 (DPNRL - 15 - 134 - 1278 - [Pendorada-Port. (N)])
 e por pan de panadeyra e por uinno de tauerneyra e por uinno de *cuba* e
 carne de carniceyro
 (FCR - V, 58b - 84 - 1280-1290 - ???)
 E respondan por boy e por uaca domados e por carro e por quanto perte-
 nece a hera e por pan de panadeyra e por uinno de tauerneyra e por uinno
 de cuba e carne de carniceyro.
 (FCR - V, 58b - 84 - 1280-1290)
 Mando a Pedro Rodriguez, meu sobrino, a mia *cuba* que sé en San Miguell
 de Monte Furado. Mando outra mia *cuba* que sé en Chão a Martin Perez,
 meu home.
 (HGPg - 55 - 133 - 1281 [Caldelas-Ou])
 e una *cuba* chea de trigo que leua .iij. modios minus V almudes e outra *cuba*
 pequena d'orgio
 (HGPg - 55 - 134 - 1281 [Caldelas-Ou])
 et de gáado mayor e de cuba se o uendermos
 (HGPg - 56 - 136 - 1285 [Oseira-Ou])
 Et mândo que pela ma *cuba* grãde do uino que digã as minsas que eu mãdey
 por mia alma.
 (HGPg - 58 - 139 - 1290 [Monterrey-Ou])
 et mando vna *cuba* de vino que eu teno en quiroga
 (GHCD - 63 - 276 - 1291 Sobrado [Lugo-L])

Na actualidade *cuba* é aínda unha voz moi usual, con presenza especialmente nas principais zonas produtoras de viño: o uso desta denominación mostra especial vitalidade en toda a provincia de Ourense, no sur e sueste de Pontevedra e no sur da provincia de Lugo. É descoñecida ou menos usual no resto do territorio onde o cultivo do viño é esporádico ou non existe.



Mapa 8. *Cuba* (material inédito do ALGa)

3.2. Os competidores transpirenaicos

Co paso do tempo, á palabra *cuba* fóronlle aparecendo outros competidores, case todos eles termos procedentes da Galia, entre os que podemos salientar pola difusión que chegaron a acadar: *pipa* (cos seus derivados), *bocoi*, *barril* e *tonel*.

1. *Pipa* (cos seus derivados diminutivos *pipote* e *pipó*) son denominacións que se popularizaron bastante na Galicia moderna, como pode verse no seguinte mapa, no que se observa que ten presenza na Galicia meridional, pero tamén bastante vitalidade na zona de fronteira das provincias da Coruña e Pontevedra, e é coñecida na maior parte do litoral galego.

Desde o punto de vista fonético, podería ser voz patrimonial galega, pero hai indicios claros que nos fan pensar que se trata dun préstamo da Galia: indicios cronolóxicos, pero tamén indicios de tipo semántico.

Se nos fixamos na cronoloxía, pódese constatar que co significado de 'recipiente para gardar líquido' non se documenta arredor do 1400, mentres que no francés aparece en 1269, co significado de 'medida para líquidos', e en 1306 co significado de 'cuba'. Esta clara prelación

cronolóxica é unha primeira pista que nos debe polo menos facer valorar a posibilidade de que esteamos ante un préstamo.

Et os pastores que vierõ despoys buscarõ as pipas et outras cousas que fezerõ dos cornos queos seus gãados criauã ênas cabeças, que tangẽ et sonã moy ben por los montes; et esto asio fazem ajnda agora.

(GE - I, 16 - 17 - 1300-1330)

Et os hũus tãgã cornos et os outros pipas, et os que estauã perlos muros da vila, algũus deles deostauã et deziã moyto mal

(CT - 155 - 378 - 1370-1373)

It. mando a Sta Clara de Santiago para senpre de cada ano hua pipa direita de viño, et outra pipa de viño direita a Sta Maria de beluis

(GHCD - 112b - 612 - 1380-1400 Santiago[C])

a santa clara de Santiago para senpre de cada ano hua pipa de renta de vino.

(GHCD - 66 - 283 - 1400 Santiago-C)

en seys anos, en cada hũu ano, hũa pipa de vjno de XXVJ canadas vellas e hũa faneyga de pã

(LNAP - 2 - 97 - 1457 -Rriãjo e Postomarcos [C])

e que nõ sabe se era tonel ou pipa

(LNAP - 160 - 181 - 1457 -Rriãjo e Postomarcos [C])

mĩll e setecentos Reaaes brancos ora correntes e hũa pipa de Vjnhoo boo e Recebondo gaLego conuem a ssaber a pipa de meyo tonel

(DPNRL - 196 - 499 - 1447 - Lixboa)


e a pipa do Vjnhoo em esta noujdade ora presente e assy cada ano no tempo da noujdade a qual pipa de Vinho hũ ano sera dada ao dicto moesteiro da trindade

(DPNRL - 196 - 499 - 1447 - Lixboa)

As primeiras documentacións de *pipa* en galego aparecen co significado de ‘fruta’. E poderíamos ter certas dúbidas sobre se o paso ao significado de ‘recipiente’ se produciu internamente dentro da lingua galega ou se se trata dun préstamo tomado do francés. Pero estas dúbidas disípanse se nos detemos a estudar a complexa evolución semántica da palabra.

Pipa parece proceder dun substantivo *PIPA ‘fruta’, que sería un deverbativo do lat. PIPARE ‘piar (os paxaros)’, polo son que facía a fruta semellante ao emitido polos paxaros. A sonorización do -p- intervocálico non se produciría polo carácter onomatopéico da voz. A partir do significado de ‘fruta’ en francés aparece documentado o de ‘cana ou tubo para sacar un líquido’ xa en 1225, e probablemente de aí, por contigüidade pasou a designar o recipiente a partir do que

se sacaba o líquido. Parece evidente que unha evolución semántica tan complexa, se non tivo lugar dentro do propio latín, dificilmente se puido producir de maneira independente e paralela en dúas zonas da Romanía, o que nos leva a pensar que estamos sen dúbida diante dun préstamo do francés non só ao galego, senón tamén ao castelán, onde non se documenta con esta acepción ata Alonso Fernández de Palencia (1490) e ao italiano, lingua na que non se documenta ata o séc. XVI, e onde probablemente entrou non directamente do francés, senón a través da Península Ibérica. Coidamos, pois, que non lle faltaba razón a Covarrubias cando decía «*pipa*, la cubeta para vino, es vocablo extranjero».



Mapa 9. *Pipa* (material inédito do ALGa)

2. Outro competidor moderno coa denominación tradicional *cuba* é *bocoi*, voz de introdución relativamente recente, totalmente descoñecida no galego da época medieval. No galego moderno, as primeiras documentacións que atopamos son de finais do séc. XIX. Atopámola dúas veces en *A fuliada*, num. 17 (1888): «vinte bocoies de viño vindimado», «¿Que fan eses bocoies que de noite se quedan ao sereo?» e no 1889 úsaa Vázquez Taboada (1889): «consumiuse polo menos un bocoi de viño d'Arnoia». Pero probablemente a palabra entrase antes no galego, sobre todo se facemos caso do que nos di Corominas (s.v.), quen pensa

que é un préstamo do fr. *boucant* ‘barril grosero para materias secas’, derivado de *bouc* ‘macho cabrío’. Corominas afirma que é «voz de introducción moderna, cuya terminación no está bien clara... Pagés cita ej. de bocoy en Pardo Bazán, y según Cotarelo es palabra del castellano de Galicia, donde semejante alteración sería normal [o paso de *bocoēs* a *bocois*]. Muy posible que se trate de un galleguismo de abolengo francés propagado por el comercio del Cantábrico».

De que debeu de haber unha forma antiga *bocó* en galego ou en portugués dá fe que esta forma aínda se conserve nalgunhas zonas de Brasil, co significado de ‘odre’.

O fr. *bouc*, que está na base de *bocoi*, é continuador dunha forma do latín da Galia BUCCUS (documentada desde o sec. VI: Gregorio de Tours), que parece tomada dun galo **bucco* (cf. irl. *bocc*, bret. *bouc’h*).

Hoxe a denominación *bocoi* é coñecida en boa parte do territorio de Galicia, pero resulta curioso que onde menos vitalidade presenta sexa na zona onde ten máis tradición o cultivo do viño, na provincia de Ourense (véx. mapa).



Mapa 10: bocoi (material inédito do ALGa)

3. *Barril* e *barrica* son voces da mesma familia ca o gal. e esp. *barri-ga*. Corominas dinos que a historia do vocábulo na Romanía non está ben estudada: port., gal., cast., cat., oc. teñen *-rr-*, consonantismo que

tamén aparece no fr. ant. e nos dialectos italianos. O it. *barile*, que xa aparece a finais do XIII podería ser de orixe francesa, segundo o REW. Corominas sospeita que quizais veña de Francia en todos os sitios, xa que é alí onde *barriclos* aparece no séc. IX.

O étimo sería *BARRICULUM, diminutivo de *BARRICA, e daría fr. a. *barril* con / palatal, que en final de palabra axiña se confundiu co / dental. Cara ao 800 aparece documentada no lat. med. de Francia: «Volumus ut bonos **barriclos** ferro ligatos, quos in hostem et ad palatium mittere possint, iudices singuli praeparatos habeant» (*Capitulare de Villis*, M.G.H., *leges regum Francorum*, I, 89 dans BARB. *Misc.* 9, n° 5); cara ao 1170 atopamos xa a forma francesa *barril* en Cretien de Troyes, e a comezos do XIII aparece *barrilz*: «Vin a eve meslé bevroiz; J'en ai de boen set **barrilz** plains» (*La Chastelaine de Saint Gille. Du Chevalier au barisel*, éd. Schultz-Gora, Halle, 1899, II).

No galego, *barril* aparece documentado xa desde mediados do séc. XIII:

custarun. VI [b]arríjs .VII. soldos. e entre o que el despeneo eo alugueyro da pinaza eo [car]reiamto dos barríjs.XI.soldos.
(DGS13-16 - 4 - 10 - [1242-1252] [San Xoán de Caaveiro-C])
una cantara de lecte preso cum nata. et um barril de uino da uigna dUnta cada ano en sua uída.
(DGS13-16 - 9 - 25 - 1257 [Betanzos-C])
et tres barríjs de prata muy grandes sarrados, que vijnan cheos d'aliogar grãado et de pedras preciosas
(TC - 439 - 644 - 1295-1312)
costo en que se torca o dito vinno noso e voso en cada huun anno e partase ao barril
(SDV - 12b - 60 - 1369 -Viveiro [Viveiro-Lu])
mançebos hun almadraque estreyto et hua manta. Item aqui en casa tres pipas et dous tonees et tres barrys grandes.
(CDMACM - 115 - 191 - 1373 -Santiago (redacción: Santiago)
Et despois meu finamêto, que dedes de cada anno para senpre vn barril e medio de vjño do que Deus en elas der
(HGPg - 44b - 112 - 1409 [Viveiro-L])
toda via que qual quer que aja as ditas herdades que pague o dito çensso do dito barril e medio de vjño ao dito moesteyro
HGPg - 44b - 113 - 1409 [Viveiro-L]
que estes bẽes ouuer de herdar ajaos en toda sua vida e pague o dito barril e medio de vjño ao dito moesteyro
(HGPg - 44b - 113 - 1409 [Viveiro-L])


que o que teuer as ditas vñas dé o quinto do vño que elas deren ou o dito barril e medio de vño qual ante quiser.

(HGPg - 44b - 113 - 1409[Viveiro-L])

que dedes de cada anno pera sempre huun barril e medio de vinno do que Deus en ellas der, todo branquo ou todo vermello.

(SDV - 71b - 102 - 1409 -Viveiro [Viveiro-Lu])

O mesmo que ocorría con *bocoi*; esta voz, que tanta difusión tivo na cultura vitivinícola de toda a Península Ibérica, apenas logrou implantarse na provincia de Ourense.



Mapa 11. *Barrica, barril* (material inédito do ALGa)

4. Outra denominación importante de orixe francesa para designar unha perfía na que se almacena o viño é a voz *tonel*, tomada do fr. ant. *tonel* (hoxe *tonneau*), diminutivo de *tonne* ‘cuba’, e este do lat. tardío *TUNNA*, préstamo do celta *TUNNA* ‘pel’ > ‘odre’ > ‘cuba’.

A pesar da escasa implantación que ten na actualidade en Galicia (véx. mapa), o galego é o romance ibérico no que antes se documenta este préstamo do francés, tal como se pode ver na documentación que a seguir se presenta, e é probable que desde esta lingua pasase ao castelán.

[Esta é como Santa Maria acrecentou o vño no tonel, por amor da bõa dona de Bretanna.]

(CSM - 2.3 - 166 - 1264-1284)

mas de bon vño pera el era mui menguada,
ca non tía senon pouco en un tonelcño.
(CSM - 2.3 - 166 - 1264-1284)
Que presentes fforum: Pedro Martíz de Pítam; Johã Eanes,
toneleyro; Pedro Martíz, dito Cerqueiro;
(HGPg - 107 - 201 - 1295 [A Guarda-P])
et pinnorara de Martin Martinez canpesino rendeyro do bispo XVIII to-
nees de uino VIII uermellos et X blancos
(CDMACM - 56e - 78 - 1291 -Viueiro [Viveiro-Lu])
Et se achassen que el mais auia da eglesia ou da vila ca estes XVIII tonees
de vinno frontaua a este Martin Martines que o reçebesse.
(CDMACM - 56 - 80 - 1291 -Viueiro [Viveiro-Lu])
Et devedes ende alear o vino per vosa custa ao Moesteyro dandovolo
Moesteyro trebolas ou tonel en queo levedes
(ROT - 26 - 375 - 1293 -agarda [A Garda-P])
outorgo et prometo de dar a uos, o dito Johan Eanes, logo desembarga-
dos, et aollados et pagados viinte tonees de vinno que en viueyro tenno
deste anno
(VIM - 39 - 119 - 1320 -Mendonnedo-[L])
It. mando a Gonçalo moxe tres tonees do vino que se na bodega para sy
et para reteença da torre
(GHCD - 71a - 300 - 1326 Mondoñedo)
It. mando que os doze tonees de uino que nos ora teemos en Rulo et en
Grallal que os tome Johan eans
(GHCD - 71a - 302 - 1326 Mondoñedo)
It. o que montaren estes XII tonees que le descuenten de esta deueda que
le nos deuemos.
(GHCD - 71a - 302 - 1326 Mondoñedo)
ficar en seu lugar en cada hun anno ao dito bispo et iglesia de Mendonnedo
hun tonel de vinno.
(CDMACM - 96 - 147 - 1348 -iglesia de Mendonnedo [Mondoñedo-Lu])
(redacción: Villamayor)
frigelia de San Gíao de Landrove, a qual foy de Afonso Martines,
toneyreiro,
(SDV - 12b - 59 - 1369 -Viveiro [Viveiro-Lu])
Item aqui en casa tres pipas et dous tonees et tres barrys grandes.
CDMACM - 115 - 191 - 1373 -Santiago (redacción: Santiago)
It. enna mia adega de pontevedra dous tonees de viño. It. aqui en Santiago
en mia casa seys tonees de viño.
(GHCD - 81 - 384 - 1375 Santiago)
It. o Arcibispo de Santiago me deue por estromento de garcia soarez nota-
rio CXI peças douro et XVI marquos de prata et tres tonees de viño.
(GHCD - 81 - 385 - 1375 Santiago)

mando que dem estes Deyam et Cabidoo de nouidade desta viña cada ano a esteuayña boa muller huun tonel de vino en todo tempo de sua vida.

(GHCD - 81 - 376 - 1375 Santiago)

It. lles mando mays un moyo de pan ou huun tonel de viño que eu com-
prey da moller daffonso gallos

(GHCD - 81 - 376 - 1375 Santiago-C)

et ssoya y aauer hũa vina en que avya quatro tonees de vino et está
destruyda.

(LTCS - 1 - 15 - 1390 –Santiago)

et suya y aver dúas viñas en que ssuya auer quatro tonees de vino

(LTCS - 1 - 15 - 1390 –Santiago)

saluo que dem da mina parte a meu heree dous ou tres tonees se os ouver
mester.


(GHCD - 112b - 615 - 1380-1400 Santiago)

con tal condiçõn que de ende en cada huun ano huun tonel de viño a san
domingo de santiago et outro a san francisco de santiago

(GHCD - 112b - 610 - 1380-1400 Santiago)

It. mando ao dito moesteyro de san francisco huun Tonel de viño branco
de Ribadauea posto en saluo eno dito moesteyro aquel ano que eu finir.

(GHCD - 34 - 160 - 1395 Santiago [C])




Mapa 12. *Tonel* (material inédito do ALGa)

5. Aínda hai outra voz relacionada cos recipientes de madeira para gardar o viño que non ofrece ningunha dúbida sobre a súa orixe francesa. Trátase da palabra *doela* ou *duela*, así como a súa base *doa*. Tanto

doa coma *doela* (coas súas variantes fonéticas) designan ‘cada unha das táboas que forman as paredes curvas dun tonel’.

É un termo tomado do fr. *douelle*, diminutivo de *douve*, *doue*, que procede do lat. tardío DOGA ‘tonel’, e este do gr. δογή ‘recipiente’.

As designacións desta familia son coñecidas en toda a Galicia que ten relación coa cultura do viño.



Mapa 13. *Doa* (material inédito do ALGa)

3.3. Por que tanto galicismo?

Non é normal encontrar tantos galicismos nas designacións duns obxectos que teñen unha vella tradición en Galicia. Ante esta situación hai que preguntarse necesariamente sobre cal é a razón desta invasión de voces francesas neste campo. Esta migración de léxico de Francia á Península Ibérica, particularmente a Galicia, hai que poñela probablemente en relación coa Orde do Císter.


Fronte ao lema beneditino *Ora et labora*, San Bernardo, verdadeiro impulsor da expansión cisterciense, vai poñer máis o acento no **labora**:

– Os cistercienses vanse ocupar da explotación directa das terras e de gran número de traballos manuais, e van exercer unha influen-

cia importante na mellora das técnicas de cultivo, na incorporación de variedades novas de produtos agrícolas e forestais, e na mellora de ferramentas e apeiros.

– A diferenza doutras ordes, nas que cada mosteiro tiña unha vida altamente independente, os cistercienses van lograr unha estrutura moi organizada, cun intercambio constante de innovacións, e cunha organización comercial sofisticada.

Dúas abadías francesas van repartir a súa influencia en Europa: a de Morimond (que se estende polos Pireneos, val do Ebro, e parte de Castela), e a de Clairvaux (na Champagne) que é a que se vai asentar en Galicia: en 1141 fúndase o mosteiro de Oseira; no 1142 fanse cargo do de Sobrado (de Clairvaux chegan a Sobrado doce monxes brancos, e os condes de Traba fanlles entrega do mosteiro en Santiago o 14 de febreiro dese ano); en 1168 comeza a construción do mosteiro de Armenteira; en 1185 pasa a dominio do Císter o mosteiro de Oia.



Mapa 14. Mosteiros cistercienses

Probablemente foron os cistercienses os que introduciron o cultivo do albariño no sur de Pontevedra, especialmente a partir do mosteiro de Armenteira, pero tamén de Oia.

O papel dos cistercienses foi igualmente importantísimo no cultivo e explotación do viño noutras zonas de Galicia (mesmo no Ribeiro), e mesmo na súa comercialización e exportación. Parece que ocuparon un lugar relevante na organización de fretes con destino ás Illas Británicas e a Flandes.

A súa osición de prominencia social e o seu carácter innovador explican que as palabras que traen canda eles, coma *barril*, *tonel*, *bocoi*, *pipa*, *doela*, etc. triúnfen e se difundan cada vez máis na lingua de Galicia.

Nalgúns casos non porque fosen voces necesarias, senón polo prestixio dos seus difusores, porque o significativo para o cambio non é a función lingüística dunha unidade, senón a información social á que vai asociada.